LINGUA GALEGA 5º

Ola nenos e nenas, empezamos a traballar Lingua:

- O primeiro que imos facer é correxir o apartado de Gramática do repaso de Lingua Galega.
- Despois imos rematar o apartado de Literatura:

➢ **Literatura: O teatro**

✓ **O noso autor: Agustín Fernández Paz**

1. Lemos outra vez que é o TEATRO e facemos os exercicios na libreta.



▪Le e repara no texto destacado:

Da escuridade xorden un home e o fillo alumeados por un candil.

Home: Neste outeiro seguro que atopamos o Penedo da Moura.

(Fachendoso, tira do peto un libro pequeno). Este éche o famoso libro de O Ciprianiño. Con el seremos quen de abrir penedos, fontes ou castros, e lograr os tesouros que alí se agochan.

Fillo: Estás certo?

Home: Estou... Quen mo vendeu xa leva atopados moreas deles.

Fillo: *(Preocupado). E pensas que quedará algún para nós?*

Home: Acouga, ho! Aínda quedan moitos por descubrir!

Fillo: Daquela..., por que cho vendeu?

Home: O de buscar tesouros éche moi perigoso. Ademais... *(moi avergoñado), deille a leira grande por el.*

Fillo: *(Abraiado). Papá, cambiáchesllе unha leira por un libro? Es ben parvo!*

Home: Cala, badulaque, que nos é moita hora! Vou ver se dou co meigallo para abrir as penas.

(Lendo).

Rocha que estás queda
é hora de te mover,
se me deixas ver que agochas
eu dareiche chuchamel.

Escóitase un ruído xordo e a pena fende pola metade...

Carlos Labraña: *Lendas da noite de San Xoán, Ed. Everest (adaptación).*

▪Como se destaca a intervención de cada personaxe?

……

……

……

▪Como se diferencian as anotacións do resto do texto?

……

……

……

▪Clasifica as anotacións segundo indiquen:

características do decorado	xestos dos personaxes	palabras dos personaxes.

▪No fragmento anterior liches a fin dunha escena teatral; aquí empeza a seguinte:

Escena terceira

Pai e fillo achéganse á entrada da cova. De súpeto, do seu interior sae unha rapaza de cabelo longo e louro. Ambos os dous caen de cu.

Moura: Quen chama á miña porta?

Home: *(Medorento). Somos xente humilde.*

Moura: Achegádevos, que non vos hei facer mal. *(Sopra lenemente a borralla da fogueira). «Ufff...! Brincade faíscas na noite de San Xoán». (As lapas de lume érguense fortes, descubrindo tras a moura unha sombra enigmática). Son a dona da pena. O meu pai mandou que me enmeigasen por non querer casar co home que elixira para min. Desde aquela vivo pechada nesta cova. (Leda). Vides para me desencantar, non si?*

Carlos Labraña: *Lendas da noite de San Xoán, Ed. Everest.*

▪Volve ler o texto teatral anterior e resolve:

Que personaxes interviñan?

.....

.....

Como cres que sería o decorado?

……

……

……

▪**Agora, retoma a escena terceira:**

Que personaxes aparecen?

.....

.....

Cal deles é o que marca o cambio de escena?

.....

.....

Cal é o novo decorado con respecto á escena anterior? Debúxao.

.....

.....



▪Imaxinade como pode continuar esta escena. Escribe os diálogos entre os personaxes e algunha anotación.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....